

## FONDO SOLIDARIO E AXUDAS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR 2022/23

Convocado o Fondo Solidario de libros de texto e as Axudas para adquirir libros de texto e Material escolar para o curso 2022/2023.

### ORDE do 29 de abril de 2022 (DOG 18 de maio de 2022)

- AXUDAS para adquirir LIBROS DE TEXTO, destinada ao alumnado matriculado en 1º e 2º de Educación Primaria: \*210€ con renda per cápita familiar, igual ou inferior a 6000€ \*140€ con renda per cápita familiar superior a 6000€ e inferior o igual a 10.000€.
- FONDO SOLIDARIO de LIBROS DE TEXTO para o alumnado matriculado en 3º e 4º de Educación Primaria.

Todo o alumnado destes niveis poderá solicitalo e asignarase os libros, por orde inversa á renda per capita da unidade familiar, ata esgotar as existencias do centro.

- AXUDAS para adquirir MATERIAL ESCOLAR destinado a todo o alumnado matriculado en Educación Primaria, con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000€. A axuda será de 50 €.

O alumnado que vai cursar 5º e 6º está incluído no Proxecto EDIXGAL polo que **ESTÁ EXCLUÍDO** da participación no FONDO DE LIBROS pero **PODERÁ SOLICITAR** a AXUDA para adquirir MATERIAL ESCOLAR.

## MODO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1.- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado ANEXO I e Anexo II dispoñible na aplicación FONDOLIBROS a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia empregando a Chave 365 ou o Certificado Dixital da Fábrica Nacional da Moeda e Timbre.

2.- Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no centro: neste caso imprimírase a solicitude ANEXO I e Anexo II e presentárase no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación precisa xa fotocopiada.

3.- Unha vez cuberto o formulario na aplicación Fondolibros, pódese gardar obténdose un número de solicitude e posteriormente optar pola forma de presentación:

- Na sede electrónica da Xunta de Galicia.

- Na secretaría do centro: neste caso imprimirase a solicitude e o anexo II que terán que estar debidamente asinados e acompañados da documentación requirida.

## **DOCUMENTACIÓN** (Cando se autorice a consulta telemática)

- Impreso de solicitude [ANEXO I ED330B](#) e [ANEXO II](#).
- Fotocopia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.

(Situación real a 31 de decembro de 2020)

E de ser o caso:

- Sentenza xudicial de separación e/ou convenio regulador.
- Certificado de Convivencia se a sentenza e o convenio non representan a situación real.
- Documentación xustificativa de violencia de xénero.
- Certificado de defunción.
- Certificado do grao de discapacidade (recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia)

## **PRAZOS PARA PRESENTAR SOLICITUDES:**

Do 19 de maio ao 22 de xuño.

## **PUBLICACIÓNS FONDO SOLIDARIO:**

As listaxes publicaranse única e exclusivamente no taboleiro de anuncios situado no interior do edificio escolar.

Así mesmo, as persoas solicitantes poderán acceder por vía electrónica ao seu expediente, a través da aplicación [FONDOLIBROS](#), empregando a Chave 365 ou o Certificado Dixital da Fábrica Nacional da Moeda e Timbre.

Datas límites:

- LISTAXES PROVISIONAIS (3º e 4º) 11 de xullo 2022
- RECLAMACIÓN ÁS LISTAXES PROVISIONAIS: 2 días seguintes á súa publicación.
- LISTAXES DEFINITIVAS (3º e 4º) 22 de xullo 2022